

## PRESENTAMOS *RETORNO A NATURA* NA FEIRA DO LIBRO DE SANTIAGO E NA CASA DA CULTURA DE OROSO



De esquerda a dereita: Alvarellos, Veiras, Mirás, Lobato e Villar, na Casa da Cultura de Sigüeiro (Oroso), o 16 de maio de 2009.

O novo libro de Xosé Manuel Lobato, *Retorno a Natura*, foi presentado, durante o mes de maio, na Feira do Libro de Santiago (venres, 8) e na Casa da Cultura de Sigüeiro (Oroso, 16 de maio).

Ao primeiro dos actos acudiron o autor, o ilustrador Alfonso Martínez, o poeta e profesor Miro Villar, o director do xornal *Galicia Hoxe*, Caetano Díaz e o editor Henrique Alvarellos.

O 16 de maio presentouse na Casa da Cultura de Oroso, un acto literario presidido polo alcalde deste Concello, Manuel Mirás, e onde participaron o autor, o concelleiro de Cultura de Oroso, Eduardo Veiras; o poeta Miro Villar e o editor.

Reproducimos de seguido as palabras de Miro Villar sobre *Retorno a Natura* pronunciadas na Feira do Libro de Santiago:



## **RETORNO A NATURA**

**Xosé Manuel Lobato**

**Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 2009**

Con permiso do seu autor, eu situaría no *incipit* deste libro unhas palabras de Eduardo Galeano: “O home é o único animal que corta a póla sobre a que está sentado”, palabras que resumen a preocupación ecolóxica que latexa nas páxinas deste volume. Lobato compila aquí 36 pequenos textos, “36 crónicas de prosa poética e denuncia” tal e como nos anuncia a contracapa. Trátase dunha peneira realizada sobre un feixe de artigos xornalísticos que o autor publicou semanalmente no suplemento dominical “Lecer” de *Galicia Hoxe*. E dicimos peneira porque non están todos os que foron (hai textos que ficaron fóra desta escolla), aos que cómpre engadirlle unha pequena parte que non se publicaron no xornal e que agora ven a luz por vez primeira, agás no caso dalgún dos textos que o fixo en publicacións colectivas.

En calquera caso non cambia o argumento que os une, pois dunha ou doutra maneira todos eles están enfiados pola afervoadada defensa da nosa “realidade natural e patrimonial histórica que non debe desaparecer”, tal e como o propio Lobato sinala no “Introito” como un aviso para navegantes. Nos textos xa publicados con anterioridade no xornal *Galicia Hoxe* observamos cambios na linguaxe, que teñen a ver coa procura da depuración, dunha meirande precisión. Velaí o oficio do escritor, retellar sempre no teito das palabras.

Lobato escolle unha ollada crítica, de inmenso amor a unha natureza que coñece ben porque andou eses lugares, non fala desde unha sala pechada senón que os seus textos semellan estar escritos no propio espazo onde eles se desenvolven. Teñen vida, pois.

A ollada crítica do autor analiza propostas medioambientais que talvez puideron nacer de bos propósitos (moitas nin tan sequera iso), mais que se converteron en funestos desequilibrios ou na predación da natureza. É algo que está a acontecer en todo o planeta, creamos ou non no cambio climático, unha destrución que vai asociada ao modelo de consumismo inconsciente que trouxo consigo o crecemento capitalista. E o autor non quere ser cómplice, non quere que nós sexamos cómplices do envelenamento do medio ambiente, da conversión da Natura en material perecedoiro como unha máis das múltiples especies animais, vexetais ou minerais xa desaparecidas para sempre.

Hai textos neste *Retorno a Natura* que viaxan até problemas medioambientais recentes, así xa no primeiro deles (“Aos pés do castro”) apela á mitoloxía e á tradición para teimar en salvar este enclave da agresión dun modelo de acuicultura que non respecta espazos de enorme valor, mesmo integrados ou ás beiras da Rede Natura (por certo, unha área protexida de menos extensión que dunha cidade autónoma como Melilla). Nesta mesma liña están tamén “Corrubedo inmenso nun pesadelo”, “Nada” (tamén sobre Corrubedo), “Profanación sen control” (sobre Quilmas en Carnota e Porto do Son), “Sabedoría dun hórreo en Merexo”, no que a ‘cabeseira’ se converte en vixía da agresión contra a costa ou “Un espírito nas tebras”, no que o lugar máis marabilloso da Costa da Morte, alomenos para quen isto escribe, foi perturbado polos muíños da



eólicas e por unha piscifactoría ao seu pé de enorme impacto visual, como sempre nos sinalan os numerosos amigos estranxeiros aos que levamos a coñecer a nosa Costa. Tamén “Visións de don Quixote” no que as citas da monumental obra de Cervantes serven para tentar abrírnos os ollos sobre a presenza dos novos muíños de vento en lugares pouco axeitados, que teñen a súa concreción na advertencia contra a alteración do diminuto e fermoso Rinlo en “Perpetuidade estelar”.

Para defender este legado dos devanceiros cómpre persoas como Don Roque (“Cátedra de mestre”) a transmitir leccións de amor e cariño á natureza; como Pedro, ese funcionario cómodo que un día descobre a Natura e cambia a súa concepción do mundo (“Brincando coa tolerancia”); como Man, o alemán de Camelle, a construír arte nos petóns de *Aveirada*, *Filisiano*, *Currovella* ou *Penadaija*, e que morreu afogado na pena das toneladas de chapapote ou ‘ghalipote’ do *Prestige*, unha desfeita que tamén se narra no texto “o tapiz da discordia”; como Victorino, o de máis idade da aldea, a lembrar a morte do carballo centenario (“Era de proveito”) como símbolo do despoboamento ao que está condenado o medio rural. E que se amplifica na memoria dos desastres marítimos da que dan fe “Os paseados”: *Ostedijk*, *Erkowitz*, *Dortmound*, *Urquiola*, *Andros Patria*, *Casón*, *Mar Exeo* ou o nomeado e malfadado *Prestige*.

Non se contén Lobato á hora de afiar o gume das súas críticas, cando nos describe de xeito marabilloso a “cegueira do olor”, unha doenza que estaría a trastornar as células olfactivas da clase política galega (“Arrecendo da terra”)

Malia a seriedade dos temas tratados, en Lobato hai vestixios da ironía (tan nosa, tan da prosa de Castelao, por exemplo), que acada o seu cumio nas palabras do centenario e sabio paisano que di: “Hai que facer unha casa para as culpas”, porque adoitamos culpar a elementos externos e non a nós propios, en símil futbolístico, botamos balóns fóra. Ou cando nese brillante texto de etnografía sobre a noite do San Xoán, “As bruxas vingadoras” remata con estas palabras: *Las autoridades gallegas y la sociedad civil no van a dar tregua a las brujas incendiarias*. Un entroido ou carnaval perfectamente descrito en “Sentenza da cinza”.

Outros textos profundan na dimensión mítica como “Vereas de grandeza”, a enxalzar os sete camiños que levan a Compostela e as “Nobres pedras e vigorosas follas” do Padrón de Macías o Namorado e de Rosalía, ou “As bágoas da vella sobreira”, “Conflito histórico” ou “Tambores do medievo” (en fermoso epígrafe), todos tres a seren excelentes reflexións sobre o contorno do Pico Sacro e a súa lenda; ou o castiñeiro de Outeiro en “Boimorto, o lar existe”; ou saúdan a apertura dun Museo do Mar ao tempo que describen a vila que o veu nacer, en “Rianxo no Mar”.

Hainos que defenden a vida deste país de mil ríos, como “O Sar reverberano”; “O misterio do Refuxio” nas fermosas maquías de Xan Castro no río Tambre ou “O exemplo do Vilabade”, onde a man dun home sensible permitiu a recuperación dun pequeno muíño para lle dar nova vida ás augas cristalinas. Esa intervención humana que pode crear marabillas arquitectónicas como o faro de César Portela en “Punta Nariga”. Ou tamén alertan da desfeitas das canteiras que ameaza “O Courel, no fío da inqueda”, un parque natural que tamén se reivindica de xeito máis lírico en “Ese valado especial” e “Branco Courel”. Ou acoden á memoria de nós como en “Marabilla



# alvarelos

EDITORA

aniquilada” para lembrar a morte programada da única ferverza dun río continental europeo que deitaba as súas augas rebeldes no mar, ou reivindicar o ben público perante as expropiacións ou apropiacións inxustas como en “Zoar na illa de Cortegada”.

Dous contos, “Sinfonía ao Luar” e “O caxato de Xan da Portela” completan este *Retorno a Natura* de Lobato, un libro que nos fai pensar se aínda é posible o desenvolvemento sostible, que nos convida á reflexión sobre a necesidade da protección do medio ambiente.

MIRO VILLAR



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)  
15706 Santiago de Compostela  
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52  
correo@alvarelos.info  
www.alvarelos.info